



## **CONVENIO ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A ELABORACIÓN DUNHA ESTRATEXIA PARA AUMENTAR O TAMAÑO EMPRESARIAL EN GALICIA**

### **REUNIDOS**

**Dunha parte**, Fernando Guldrís Iglesias, en representación do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), con CIF Q6550010J e domicilio en Complexo Administrativo de San Lázaro s/n 15707 Santiago de Compostela (A Coruña). Está facultado para este acto en virtude da delegación de facultades do 23 de decembro de 2016 do Presidente do Igape feita pública mediante Resolución do 25 de xaneiro de 2017 (DOG nº 23, do 2 de febreiro de 2017).

**Doutra parte**, Manuel Joaquín Reigosa Roger, Reitor Magnífico da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 59/2018, do 31 de maio, publicado no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) nº 109, do 8 de xuño de 2018, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 20 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e o artigo 58 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, e publicados no DOG nº 21, do 2 de febreiro do 2010 (BOE nº 69, do 20 de marzo de 2010). Con enderezo en Edificio Reitoría, Campus universitario, 36310 Vigo.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio e, a estes efectos

### **EXPOÑEN**

**Primeiro.-** O Plan estratéxico de Galicia 14-20 identifica o problema da dimensión empresarial e fixa como obxectivo estratéxico aumentar o tamaño das pemes galegas.

OE.1.2.04: Mellorar a competitividade das empresas e dos sectores tradicionais galegos nun entorno globalizado, a través do crecemento, profesionalización, modernización e internacionalización.

#### **Diagnóstico:**

Galicia conta cun tecido empresarial escaso e moi atomizado, así o 96% das pemes son microempresas, polo que o tamaño da peme galega é moi reducido (2,15 traballadores/as por empresa). O tamaño empresarial ten unha ampla relevancia no funcionamento da economía, xa que as empresas de menos de 50 empregados/as atopan especiais dificultades na especialización do seu persoal, a capacidade de innovar, a proxección en mercados internacionais e o acceso ao crédito.

O descenso desde 2008 no número de pemes activas (2,9%), especialmente grave no caso de pequenas e medianas empresas (23,4%), a inferior produtividade e as dificultades de acceso ao financiamento no mercado, indican a necesidade de fomentar a creación de novas empresas como fonte de creación de valor engadido, mellora da produtividade e creación de emprego.

#### **Necesidades Retos:**

- Desenvolver os factores territoriais de competitividade: solo industrial, enerxía, loxística, formación dual, integración efectiva das TIC e tecnoloxías facilitadoras, infraestruturas axeitadas.
- Profesionalizar o tecido empresarial a través da mellora do capital humano.
- Fomentar o emprendemento.
- Consolidación, capitalización e crecemento empresarial para acadar masa crítica competitiva.
- Incrementar a presenza no mercado exterior.
- Captar investimento estranxeiro para completar as cadeas de valor.



Resultados que se pretende conseguir:

Lograr un crecemento baseado no equilibrio e hibridación entre sectores tradicionais e de futuro. Incrementar o número de empresas de dimensión media (50-100 traballadores/as), a fortaleza financeira das empresas, as taxas de emprendemento, a cultura innovadora, a vocación global, a proporción de cadeas de valor e os modelos de negocio adaptados ás necesidades da nova economía (cadeas de valor globais, automatización, interconexión, loxística intelixente, incorporación de tecnoloxías).

**Segundo.-** O informe final do Comité de Expertos Económicos de Galicia para afrontar a crise provocada pola COVID-19, plasmouse en catro documentos presentados entre o 27 de abril e o 27 de maio ao Presidente da Xunta e aos conselleiros de Facenda, de Economía, Emprego e Industria, de Medio Rural e de Mar.

En concreto, no documento 3: Propostas sobre solvencia e fortalecemento financeiro, establécese, entre outras conclusións, que *‘Fortalecer o tamaño do noso tecido empresarial constitúe unha estratexia esencial para a súa supervivencia’* onde se observa que *a economía galega arrastra un déficit estrutural no que se refire ao tamaño empresarial, o que lastra a súa produtividade, capacidade innovadora, a internacionalización e, en definitiva, a súa competitividade. Unha vez precisado o impacto sectorial da pandemia en Galicia, vai ser necesario determinar as ramas produtivas que terán que ser apoiadas pola Administración Pública con instrumentos financeiros que deben orientarse a solventar ese déficit estrutural.*

**Terceiro.-** O Igape é a Axencia de desenvolvemento rexional de Galicia, como ente de dereito público con personalidade xurídica e patrimonio propios, entre os seus principais obxectivos están os de promover a mellora da produtividade e competitividade das sociedades xa asentadas na Comunidade Autónoma, atraer investimentos foráneos, así como facilitar ás empresas servizos de asesoramento, planificación, xestión, financiamento, formación, localización, seguimento e, en xeral, calquera outro que poida contribuír á creación e desenvolvemento das mesmas.

**Cuarto.-** A Universidade de Vigo, é unha entidade pública con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar que xa está a colaborar cos concellos a través de varias actuacións destinadas a fomentar e a favorecer o seu desenvolvemento económico.

Así mesmo, ao longo dos últimos anos ten levado a cabo numerosas investigacións, publicacións e xornadas formativas en materia de desenvolvemento económico de alto interese para Galicia.

Así, conta cun grupo de expertos de gran experiencia e un importante coñecemento do escenario galego. Trátase do grupo de investigación GEN (*Governance and Economic research Network*) que é un grupo de investigación de referencia competitiva da UVIGO, que conta con partícipes tanto do ámbito universitario como profesionais en exercicio.

Dada a experiencia e as capacidades que ten acumuladas a Universidade de Vigo na materia, o Igape, ten especial interese en colaborar con esta entidade en aras a mellorar a competitividade do tecido empresarial galego mediante a análise polo miúdo das causas, consecuencias e estratexias axeitadas para incrementar o tamaño empresarial medio da empresa galega, un factor crítico para a produtividade e competitividade micro e macroeconómica dun territorio.

**Quinto.-** As actuacións incluídas no presente convenio son de interese común para ámbalas dúas partes e inciden directamente no desenvolvemento da política económica de Galicia mediante a análise rigorosa e a proposta de medidas tendentes a incrementar o tamaño empresarial.

En consecuencia, as partes comparecentes acordan subscribir o presente convenio con suxeición ás seguintes:

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre o Instituto Galego de Promoción Económica e a Universidade de Vigo co obxectivo común de elaborar unha estratexia para aumentar o tamaño empresarial en Galicia.

### SEGUNDA. Xustificación da utilización da figura do convenio

Motívase o convenio nas razóns de necesidade e oportunidade expostas, que poderíamos resumir en que Galicia conta cun tecido empresarial escaso e moi atomizado, así o 96% das pemes son microempresas, polo que o tamaño da peme galega é moi reducido (2,15 traballadores/as por empresa). Tendo o tamaño empresarial unha ampla relevancia no funcionamento da economía, xa que as empresas de menos de 50 empregados/as atopan especiais dificultades na especialización do seu persoal, a capacidade de innovar, a proxección en mercados internacionais e o acceso ao crédito.

Dada a especificidade e as características que se dan na Universidade de Vigo e no grupo de investigación GEN, grupo de investigación de referencia competitiva da UVIGO, que conta con partícipes tanto do ámbito universitario como profesionais en exercicio, que, xunto coa experiencia, preparación especializada, os propios medios da entidade, xustifican a sinatura deste convenio e implican vantaxes, sinerxías unha axeitada dinámica e axilidade para o Igape ao manter unha relación colaborativa fluída co grupo de investigación.

### TERCEIRA. Actuacións conxuntas

1. Accións que permitan detectar as causas e consecuencias do tamaño empresarial en Galicia, mediante o establecemento da situación e a determinación das deficiencias económicas provocadas polo reducido tamaño das empresas galegas.
2. Organización de grupos de traballo con participación de ámbalas dúas entidades e a convocatoria dos axentes especializados da economía galega.

### CUARTA. Gastos atendibles

Considéranse gastos atendibles aos efectos do convenio, aqueles que de xeito indubitado responden á natureza das actividades e fins do convenio.

Así, os gastos elixibles comprenderán as retribucións en proporción á súa dedicación ás accións obxecto do convenio de profesores-investigadores da Universidade de Vigo, doutras universidades e empregados públicos doutras administracións públicas, contrato de asistente de investigación e custos externos de organización de reunións e actividades.

Os gastos elixibles deberán obedecer á estrutura prevista no Anexo I a este convenio.

Requisitos dos gastos con cargo ao convenio:

1. Os gastos deberán ser realizados e efectivamente pagados dentro do ámbito temporal do propio convenio e, polo tanto, no que atinxe unicamente a actuacións realizadas a partir da data da sinatura do convenio e ata o 15 de novembro de 2021.



2. O importe do IVE (Imposto sobre o Valor Engadido) non se considerará gasto xustificable cando sexa susceptible de recuperación ou compensación.

Nembargantes o anterior, o IVE vinculado aos gastos elixibles, terá tamén a consideración de gasto elixible se a entidade acredita a súa exención expresa mediante certificación ao respecto da AEAT ou que tendo pagado o IVE, este non é susceptible de recuperación ou compensación ningunha por parte da entidade. Esta acreditación farase mediante certificación de situación censual expedida pola AEAT, na cal se poña de manifesto que a entidade non realiza declaracións, liquidacións ou autoliquidacións deste imposto, acompañada de certificación da AEAT de que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias. Ambas certificacións a data de peche da correspondente certificación de gastos. Unha vez pechado o exercicio poderáselle requirir certificación da AEAT que acredite que non presentou a Declaración Anual do Imposto sobre o Valor Engadido.

3. Todos os gastos externos iguais ou superiores aos 3.000 € deben ser sometidos a aprobación da Comisión de Seguimento antes da súa contratación.

4. Será obrigatorio presentar 3 orzamentos para todos aqueles gastos externos superiores a 12.000 € + IVE e xustificar a selección do provedor en caso de non ser o máis económico.

#### **QUINTA. Compromisos da Universidade de Vigo**

1. Detectar, en colaboración co lgape as causas e consecuencias do tamaño empresarial en Galicia, mediante o establecemento da situación e a análise dos custos, o impacto sobre o PIB, sobre o emprego e sobre as principais magnitudes macroeconómicas galegas do reducido tamaño empresarial.

2. Organizar en colaboración co lgape grupos de traballo de expertos cara a determinar as razóns do tamaño insuficiente e os determinantes clave desta situación, cara a poder propoñer actuacións sobre estes determinantes.

3. Analizar as políticas públicas internas e externas: experiencias nacionais e internacionais de estratexias públicas dirixidas ao fortalecemento do tamaño empresarial e os resultados acadados.

4. Elaborar un documento de síntese de análise-diagnose e propostas para Galicia.

5. Destinar os fondos percibidos para financiar os gastos necesarios para levar a cabo as actuacións referidas nos puntos anteriores.

6. Presentar unha certificación de gastos executados para a consecución dos obxectivos.

7. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

8. Subministrar toda a información necesaria para que o lgape poida dar cumprimento ás obrigas previstas no Título I da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. As consecuencias do incumprimento desta obriga serán as establecidas no artigo 4.4 da citada lei.

9. Cofinanciar as actividades contempladas no presente convenio igualmente coa asignación de parte dos custos de estrutura (persoal, materiais, instalacións, equipamento) ou sobrecostos das actuacións financiadas polo lgape, nos que incorrerá pola realización das obrigas contempladas neste convenio. O importe desta asignación estímase no 20 % do orzamento global do convenio (8.750,00 €).



## **SEXTA. Compromisos do Igape**

1. Colaborar e coorganizar as actuacións conxuntas previstas na cláusula terceira.
2. Achegar á Universidade de Vigo a cantidade máxima de trinta e cinco mil euros (35.000 €) para financiar nun 80%, as actuacións establecidas na cláusula terceira a desenvolver pola Universidade de Vigo, e que se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria para o 2021 seguinte:

| Aplicación orzamentaria | Ano 2021 |
|-------------------------|----------|
| 06.A1.741A.6418         | 35.000 € |

O anexo I “Memoria Económica” detalla esta contribución.

## **SÉTIMA. Medios humanos**

O desenvolvemento das tarefas relacionadas na cláusula segunda será realizado por persoal investigador adscrito ao grupo de investigación GEN da Universidade de Vigo ou contratado especificamente para o proxecto ou mediante colaboración de persoal de calquera outra Universidade Pública galega.

A subscrición do presente convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que van desenvolver as actividades que constitúen o obxecto deste convenio e a Xunta de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, directa, indirecta nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

## **OITAVA. Pagamento da contribución do Igape**

A contribución do Igape será aboada unha vez solicitado o pago mediante a presentación dunha certificación de gastos da UVIGO, comprensivas dos gastos incorridos e a correspondente documentación xustificativa. A achega do Igape limitarase ao 80% dos gastos correctamente xustificadas co límite absoluto de 35.000 €, asumindo a UVIGO o 20% dos custos totais alegados.

A dita certificación deberá presentarse antes do 15 de novembro de 2021, e farase vía electrónica, na oficina virtual do Igape na páxina <http://tramita.igape.es>, en particular a través do código de procedemento PE001, achegando as copias dixitalizadas da documentación que se relaciona a continuación:

- Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
  - o Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e a data de pagamento
  - o Facturas e xustificación do seu pagamento.
  - o Documentos acreditativos dos gastos realizados con medios propios ou, de ser o caso, con achegas concorrentes, públicas ou privadas, para a organización das actuacións xustificadas, non podendo superar o 100% do seu custo total, con indicación do importe e a súa procedencia.
  - o Cando o importe dos gastos externos supere os 12.000 € + IVE, os tres orzamentos de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo e xustificar a selección do provedor en caso de non ser o máis económico.
  - o Se fora o caso a Universidade de Vigo achegará a carta de pagamento de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos xuros derivados destes.
  - o Certificacións expedidas polas respectivas administracións públicas, que acrediten que se está ao corrente das obrigas tributarias e da Seguridade Social, así como a acreditación de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración



Pública da Comunidade Autónoma ou autorización para que o Igape realice estas consultas polos seus propios medios.

- Informe executivo das causas e consecuencias do tamaño empresarial en Galicia, impacto sobre o PIB, sobre o emprego e sobre as principais magnitudes macroeconómicas galegas do reducido tamaño empresarial
- Informe das sesións e conclusións dos grupos de traballo de expertos organizados
- Documento de síntese de análise-diagnose e propostas para Galicia.

O prazo máximo para presentar a devandita documentación será ata o 15 de novembro de 2021.

O representante da Universidade acreditará a realización das actividades financiadas estendendo certificación do cumprimento da finalidade para a que foi concedida a axuda.

Con anterioridade á xustificación da execución da actividade, presentarase unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo proxecto das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que incorrera a Universidade, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se efectuaran con anterioridade á sinatura do mesmo, dentro do ano 2021.

#### **NOVENA. Comisión de Seguimento**

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha Comisión Mixta de Seguimento integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, debéndose reunir cando o solicita algunha das partes.

A súa función será velar polo cumprimento das obrigas previstas no mesmo, así como propoñer a solución aos problemas que puideran xurdir.

En concreto, as súas funcións serán:

- Interpretación do convenio.
- Proposta, se é o caso, de addendas.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Coordinación das funcións das partes asinantes do convenio.
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio.

#### **DÉCIMA. Publicidade**

De conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co previsto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia, o Igape e a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación publicarán no *Diario Oficial de Galicia*, no Portal de transparencia e Goberno aberto e na súa páxina web oficial o importe da contribución económica ao amparo deste convenio e a entidade destinataria desta; e incluírá igualmente a referida contribución e as sancións que como consecuencia desta puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos da entidade e a referida publicidade, así como a súa cesión por parte do Igape aos órganos competentes da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.



## **UNDÉCIMA. Alteración das actuacións**

Toda alteración nas accións a realizar deberán ser obxecto de autorización polo lgape e formalizárase mediante a correspondente addenda a este convenio.

En aplicación do disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico o convenio poderá modificarse coa finalidade de lograr os obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. As devanditas modificacións poderán ter por obxecto a redución do volume das actuacións a desenvolver, coa correspondente minoración orzamentaria, ou a ampliación do prazo de execución.

## **DUODÉCIMA. Resolución**

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer nalguna das seguintes causa de resolución:

- O transcurso do seu prazo de vixencia sen terse acordado a súa prórroga.
- O acordo unánime dos asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá dirixir á parte non cumpridora un requirimento para que no prazo de dez días hábiles asuma as obrigas ou compromisos que se consideren incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén á Comisión de Seguimento do convenio. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará a outra parte asinante a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a súa liquidación.

## **DÉCIMO TERCEIRA. Vixencia**

Este convenio entrará en vigor o día seguinte ao da súa sinatura e a súa duración será ata o 30 de decembro de 2021, sen prexuízo da súa prórroga por un período máximo de tres meses.

## **DÉCIMO CUARTA. Propiedade intelectual**

Todo o material de información e difusión xerado (informes, publicacións, folletos, etc.), obxecto deste convenio, será posto a disposición do lgape e deberá conter en lugar visible os logos do Xunta de Galicia e dos participantes.

A propiedade intelectual será compartida entre o lgape e a Universidade de Vigo, partes asinantes deste convenio, que figurarían como coautoras dos materiais.

## **DÉCIMO QUINTA. Protección de datos**

En virtude do disposto no artigo 26 do Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos (RXPd) e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (BOE nº



294, do 6 de decembro), IGAPE e a Universidade de Vigo adquiren a condición de encargados do tratamento e comprométense a:

- Non utilizar nin tratar datos de carácter persoal con finalidade distinta á execución do convenio, non comunicar os datos baixo ningún concepto a terceiras persoas, nin sequera para a súa conservación e, en especial, non reproducir, nin publicar, nin difundir ningunha información acerca dos datos.
- Garantir o cumprimento das medidas de seguridade establecidas, así como a súa correcta implementación.
- Ao termo da relación por calquera causa, os datos de carácter persoal incluídos en calquera soporte aos que tivesen tido acceso as partes deben ser destruídos ou devoltos, a criterio da Universidade de Vigo, unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

O incumprimento destas obrigas fai responder ás restantes partes das infraccións que cometa coma se ocupase a posición de responsable do tratamento.

#### DÉCIMO SEXTA. Autorizacións

A Universidade de Vigo consente expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, de acordo co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, así como poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación cancelación e oposición respecto do contido dos rexistros antes citados, ante a Dirección Xeral do Instituto Galego de Promoción Económica, sito no complexo administrativo de San Lázaro s/n, 15707 Santiago de Compostela, en aplicación do disposto no Decreto 126/2006.

Este consentimento esténdese a autorización para a cesión dos seus datos á entidade financeira na que se aboe o pagamento, ao *Diario Oficial de Galicia* e ás demais cesións previstas na lei.

Tamén comporta a autorización ao Igape para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería da Seguridade Social e a Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia, no caso de que se deban presentar estes certificados en fase de emenda, logo de que a consulta polo Igape e non obtivese resultado favorable, a data de expedición dos certificados pola Administración correspondente deberá ser posterior á data de consulta polo Igape, o que se comunicará no requirimento de emenda da documentación.

#### DÉCIMO SÉTIMA. Natureza e xurisdición

O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de conformidade con seu artigo 6, e para calquera cuestión litixiosa que se derive do mesmo, será de aplicación a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e a interpretación que das mesmas realice a Comisión de Seguimento, así como pola normativa xeral que resulte aplicable, aplicándose os principios da Lei 9/2017 para resolución de dúbidas e lagoas que puidese presentarse.

As partes comprométense a resolver de común acordo calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio.



En caso de conflito as partes acordan o sometemento á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

#### **DÉCIMO OITAVA. Normativa aplicable**

Para todo o non previsto neste convenio aplicarase o previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, así como na Resolución do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril) pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, en todo o que non contradiga a primeira.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente convenio o 22 de abril de 2021.

Polo **INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN  
ECONÓMICA (IGAPE)**

Pola **UNIVERSIDADE DE VIGO**

Fernando Guldrís Iglesias  
DIRECTOR XERAL

Manuel Joaquín Reigosa Roger  
REITOR



## ANEXO I

### MEMORIA ECONÓMICA

Para a realización das actuacións obxecto do presente convenio o Igape contribuirá cun máximo de 35.000 € con cargo á partida orzamentaria 06.A1.741A.6418, no exercicio 2021, sendo a fonte de financiamento a de fondos propios libres.

O Igape achegará á Universidade de Vigo ata TRINTA E CINCO MIL EUROS (35.000 €), para financiar as actuacións establecidas na cláusula terceira do convenio, co límite do 80% dos custos xustificados pola Universidade.

Pola súa parte, UVIGO cofinanciará as actividades contempladas no presente convenio igualmente coa asignación de parte dos custos de estrutura (persoal, materiais, instalacións, equipamento) ou sobrecustos nas actuacións financiadas polo Igape nos que incorrerá pola realización das obrigas contempladas neste convenio. O importe desta asignación estímase no 20 % do orzamento global do convenio (8.750 €).

#### Actuacións:

1. Execución de accións que permitan detectar as causas e consecuencias do tamaño empresarial en Galicia, mediante o establecemento da situación e a análise dos custos, o impacto sobre o PIB, sobre o emprego e sobre as principais magnitudes macroeconómicas galegas do reducido tamaño empresarial.
2. Organización en colaboración co Igape de grupos de traballo de expertos cara a determinar as razóns do tamaño insuficiente e os determinantes clave desta situación, cara a poder propoñer actuacións sobre estes determinantes.
3. Análise das políticas públicas internas e externas: experiencias nacionais e internacionais de estratexias públicas dirixidas ao fortalecemento do tamaño empresarial e os resultados acadados.
4. Elaboración dun documento de síntese de análise-diagnose e propostas para Galicia.

Custos admitidos e contía máxima a aportar polo Igape:

| Concepto                                                                             | Contía          | Igape           |
|--------------------------------------------------------------------------------------|-----------------|-----------------|
| Remuneración ao persoal investigador adscrito ao convenio, incluíndo persoal externo | 24.000 €        | 24.000 €        |
| Organización de reunións e actividades e gastos comúns                               | 11.000 €        | 11.000 €        |
| Outros gastos de estrutura ou sobrecustos                                            | 8.750 €         |                 |
| <b>TOTAL</b>                                                                         | <b>43.750 €</b> | <b>35.000 €</b> |